



En el Pleno de 31 de marzo de 2023, se acordó aprobar el expediente n.º 3/2023, de modificación de las bases de ejecución del actual presupuesto, previéndose, en la aplicación 334.20/489.01, una asignación por importe de 120.000,00 euros para el concurso de referencia, que fue aprobada con carácter definitivo el día 27/04/2023 mediante su publicación en el BOP n.º 96.

Por lo expuesto, dispongo:

1.º) Reiniciar el trámite de concesión de subvenciones al amparo del concurso para concesión de subvenciones para el fomento de actividades escénicas y musicales para el año 2023.

2.º) Ratificar esta resolución en la siguiente Junta de Gobierno.

3.º) Publicar este acuerdo en el BOP y en la página web de la Diputación Provincial, para general conocimiento”.

Ourense, 2 de mayo de 2023. El presidente.

Fdo.: José Manuel Baltar Blanco.

R. 1.202

Deputación Provincial de Ourense

“Corrección de erros no anuncio publicado o 29 de abril de 2023”

Advertiuse un erro na publicación do anuncio definitivo da modificación do Programa de asistencia ás entidades locais para a xestión dos servizos municipais do ciclo urbano da auga para o exercicio 2023 (BOP núm. 98, do 29 de abril de 2023).

Na páxina 7, no punto 2. e despois do apartado 4) omitiuse o seguinte:

5) Na acción de limpeza depósitos A26 (a, b e c) e sempre que se pida de modo conxunto, propónse a seguinte bonificación: en lote de 5 a 7 depósitos unha bonificación do 5%, de 8 a 11 depósitos un 10% de bonificación e máis de 12 depósitos un 15% de bonificación.

O único requisito é que as entidades soliciten a limpeza programada do número de depósitos para poder ter acceso a antedita bonificación.

Ourense, 2 de maio de 2023. O presidente.

Asdo.: José Manuel baltar Blanco.

Diputación Provincial de Ourense

“Corrección de errores en el anuncio publicado el 29 de abril de 2023”

Se advirtió un error en la publicación del anuncio definitivo de la modificación del Programa de asistencia a las entidades locales para la gestión de los servicios municipales del ciclo urbano del agua para el ejercicio 2023 (BOP n.º 98, de 29 de abril de 2023).

En la página 7, en el punto 2. y después del apartado 4) se omitió lo siguiente:

5) En la acción de limpieza de depósitos A26 (a, b y c) y siempre que se pida de modo conjunto, se propone la siguiente bonificación: en lote de 5 a 7 depósitos una bonificación del 5%, de 8 a 11 depósitos un 10% de bonificación y más de 12 depósitos un 15% de bonificación.

El único requisito es que las entidades soliciten la limpieza programada del número de depósitos para poder tener acceso a la bonificación.

Ourense, 2 de mayo de 2023. El presidente.

Fdo.: José Manuel baltar Blanco.

R. 1.207

III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade Xefatura Territorial Ourense

Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social

Convenio ou acordo: Adelanta Ingeniería, S.L. Unipersonal

Expediente: 32/01/0076/2022

Data: 11/04/2023

Asunto: resolución de inscrición e publicación

Destinatario: Noela Docabo Bande

Código de Convenio número 32100182012018.

1. Unha vez visto o texto do convenio colectivo da empresa Adelanta Ingeniería, SL Unipersonal para os anos 2022-2024, que subscribiu o día 21.12.2021, a Comisión Negociadora conformada pola parte empresarial e pola representación das persoas traballadoras, e de conformidade co que dispón o artigo 90.2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores [BOE 255, do 24 de outubro de 2015], o Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo [BOE 143, do 12 de xuño de 2010] o Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo [BOE 232, do 28 de setembro de 1982], polo Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 123/2022, do 23 de xuño de 2022, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, esta Xefatura Territorial, resolve:

Primeiro. Ordenar a súa inscrición e depósito no Rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo e plans de igualdade da Comunidade Autónoma de Galicia e notificación á representación empresarial e social da comisión negociadora.

Segundo. Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Ourense, na data da sinatura electrónica. O xefe territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade en Ourense.

Asdo.: Yago Borrajo Sánchez.

II Convenio colectivo propio da empresa Adelanta Ingeniería, SLU 2022- 2024

Índice

Capítulo I - Disposicións xerais

Artigo 1. Partes signatarias

Artigo 2. Ámbito funcional

Artigo 3. Ámbito persoal

Artigo 4. Ámbito territorial

Artigo 5. Ámbito temporal. Entrada en vigor

Artigo 6. Denuncia e renovación do Convenio colectivo

Artigo 7. Vinculación

Artigo 8. Compensación. Absorción

Capítulo II - Clasificación profesional

Artigo 9. Clasificación profesional

Criterios para a clasificación profesional

Definición dos grupos profesionais

Grupo profesional 1: directores/as área

Grupo profesional 2: xefes/as de área
Grupo profesional 3: técnicos/as
Grupo profesional 4: auxiliares técnicos/as
Grupo profesional 5: operarios/as
Grupo profesional 6: auxiliares administrativos e oficiais
Notas sobre os grupos profesionais
Capítulo III - Organización do traballo
Artigo 10. Organización dos servizos
Artigo 11- Xornada e horario de traballo
Artigo 12. Distribución irregular da xornada
Artigo 13. Calendario laboral
Artigo 14. Traballo a distancia e teletraballo
Capítulo IV - Mobilidade, ingresos e contratación
Artigo 15. Mobilidade funcional e traballos de distinto grupo profesional
Artigo 16. Mobilidade xeográfica
Artigo 17. Provisión de vacantes
Artigo 18. Promoción ou ascensos
Artigo 19. Período de proba
Artigo 20. Dimisión da persoa traballadora
Artigo 21. Contratación de duración determinada do artigo 15 do Estatuto dos traballadores
Capítulo V - Vacacións, permisos e excedencias
Artigo 22. Vacacións
Artigo 23. Permisos, licenzas e outros dereitos derivados da conciliación da vida laboral e familiar
Artigo 24. Excedencias
Excedencia forzosa
Excedencia voluntaria
Excedencia por coidado de fillo/a ou de familiares
Capítulo VI - Réxime salarial
Artigo 25. Disposicións xerais sobre as retribucións. Estrutura salarial
Artigo 26. Complemento de retén
Gardas
Artigo 26. Bis- Festivos especiais
Artigo 27. Complemento de previsións
Artigo 28. Bonus desempeño
Artigo 29. Forma de pago
Artigo 30. Gratificacións extraordinarias
Artigo 31. Desprazamentos e axudas de custo 2
Artigo 32. Horas extraordinarias
Artigo 33. Prestacións por enfermidade e accidente de traballo
Artigo 34. Procedementos que haberá que seguir en supostos de baixas médicas, ausencias e asistencia a consultorio médico
Artigo 35. Pólizas
Capítulo VII - Réxime disciplinario
Artigo 36. Potestade disciplinaria
Artigo 37. Faltas leves
Artigo 38. Faltas graves
Artigo 39. Faltas moi graves
Artigo 40. Principios sancionadores
Artigo 41. Procedemento sancionador
Capítulo VIII- Representación legal dos/as traballadores/as
Artigo 42. Principios xerais sobre as relacións sociais
Artigo 43. Competencias e dereitos da representación legal dos/as traballadores/as
Artigo 44. Comisión mixta
Capítulo IX- Prevención de riscos laborais
Artigo 45. Seguridade e hixiene no traballo
Seguridade e saúde
Delegados/as de prevención
Información, consulta e participación

Formación
Artigo 46. Protección da maternidade
Artigo 47. Protección das persoas traballadoras vítimas de violencia de xénero
Capítulo X- Seguro
Artigo 48. Seguro médico
Capítulo XI- Acoso moral e/ou sexua no traballo
Protocolo de prevención e tratamento das situacións de acoso
Disposicións finais
Primeira. Adhesión ao AGA
Segundo. Procedemento de inaplicación das condicións pactadas
Terceira. Igualdade
Anexo I Táboa salarial para os anos 2022, 2023, 2024
Anexo II Complementos de posto de traballo ano 2022
Capítulo I - Disposicións xerais
Artigo 1. Partes signatarias
Son partes asinantes do presente convenio dunha parte, pola representación social, a representación legal dos/as traballadores/as composta por un/unha delegado/a de persoal.
E, doutra parte, pola representación empresarial, a sociedade Adelanta Ingeniería, SLU.
As partes recoñécense mutuamente lexitimación e capacidade suficiente para subscribir o presente convenio.
Artigo 2. Ámbito funcional
O presente convenio colectivo, constitúe un corpo de normas reguladoras das relacións de traballo entre a empresa Adelanta Ingeniería, SLU e os empregado/as desta, como resultado da negociación desenvolvida entre a representación do persoal e da empresa, de conformidade co establecido no título III do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, coa eficacia que lle confire o artigo 37 da Constitución española e o carácter de fonte de dereito que lle recoñece o artigo 3.1 do Estatuto dos traballadores.
Ao tratarse dun convenio de empresa, o ámbito funcional circunscríbese á actividade da propia empresa, definida no seu obxecto social actual, e no que se puidese constituír no futuro, se se producise unha ampliación ou modificación deste durante a vixencia do presente convenio.
Artigo 3. Ámbito persoal
O presente convenio colectivo propio será de aplicación a todo o persoal que teña establecida, ou estableza, relación laboral común por conta allea con Adelanta Ingeniería, SLU, independentemente do tipo de contrato laboral baixo o que se formalizou esa relación.
Por diante, empregaranse os termos “persoa traballadora” ou “persoal” para designar as mulleres e homes comprendidos no ámbito persoal do presente convenio, o cal garante a súa igualdade en dereitos e obrigacións e a non discriminación por razón de sexo.
Artigo 4. Ámbito territorial
O presente convenio colectivo afecta ao centro de traballo que ten establecido a empresa na provincia de Ourense e a todo o persoal ao que fai referencia o artigo precedente. Para a eventual aplicación do presente convenio a outros centros ou persoas traballadoras será esixible a súa adhesión ou ratificación expresa.
Artigo 5. Ámbito temporal. Entrada en vigor
O presente convenio colectivo entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2022 e estenderá a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2024, con independencia da súa data de publicación no boletín oficial correspondente.



Artigo 6. Denuncia e renovación do convenio colectivo

Calquera das partes asinantes indicadas no artigo 1 poderá denunciar o presente convenio cunha antelación mínima de dous meses á data do seu vencemento. Para que a denuncia teña efecto, terá que facerse mediante comunicación escrita á outra parte, comunicación que terá que rexistrarse ante a autoridade laboral competente.

O convenio colectivo prorrogarase de ano en ano se non mediase denuncia expresa das partes.

Unha vez transcorrido un ano desde a denuncia do convenio colectivo sen que se acorde un novo convenio, estarase ao disposto na lexislación laboral vixente.

Artigo 7. Vinculación

No caso de que, pola xurisdición social, a instancia da autoridade laboral ou de calquera das persoas afectadas, se anulase algún artigo do presente convenio, as partes negociadoras no prazo de tres meses a partir da firmeza da sentenza, renegociarán o contido da parte anulada, quedando en todo caso vixente o resto do convenio ata que non se chegue a un acordo definitivo.

Artigo 8. Compensación. Absorción

Todas as condicións económicas que se establecen no presente convenio, sexan ou non de natureza salarial, son compensables e absorbidas no seu conxunto e cómputo anual coas mellores de calquera tipo que viñese anteriormente satisfacendo a empresa, ben sexa por imperativo legal, convenio, pacto, contrato individual, uso ou costume, concesión voluntaria da empresa ou por calquera outra causa.

Capítulo II - Clasificación profesional

Artigo 9. Clasificación profesional

A estrutura de clasificación do persoal afectado polo presente convenio, en atención á súa titulación, formación, funcións básicas máis representativas que desenvolvan, as súas tarefas e responsabilidades e, de conformidade coas definicións que se especificarán nos apartados seguintes, será establecida en grupos profesionais.

A clasificación profesional do persoal afectado polo presente convenio é meramente enunciativa e en ningún caso supón a obriga de que existan postos de traballo de todos os grupos profesionais, isto estará en función das necesidades da empresa.

Esta estrutura profesional pretende obter unha máis razoable estrutura produtiva, todo iso sen diminución da dignidade, oportunidade e xusta retribución que corresponda a cada persoa traballadora. Así, os actuais postos de traballo e tarefas axustaranse aos grupos profesionais establecidos no presente convenio.

As persoas traballadoras serán asignadas a un determinado grupo profesional segundo cal fose o contido da prestación laboral obxecto do contrato de traballo e o conxunto de funcións e especialidades profesionais que deban desempeñar.

A retribución mínima garantida prevista para cada grupo profesional virá determinada na táboa salarial que figura como Anexo I do presente convenio.

Criterios para a clasificación profesional

A clasificación en cada grupo profesional realizarase atendendo aos seguintes criterios:

- Formación necesaria: entendendo por esta tanto a titulación académica como a formación técnica específica necesaria para o correcto desempeño da función.

- Experiencia: ademais da formación básica requirida e a titulación para o desempeño das funcións contratadas, terase en conta a experiencia adquirida en responsabilidades similares. Este factor determina o período de tempo requirido para que unha persoa adquira a habilidade e práctica necesarias para

desempeñar un posto de traballo obtendo un rendemento suficiente en cantidade e calidade.

- Iniciativa: entendendo por tal a maior ou menor dependencia a directrices ou normas, así como a necesidade na contorna de traballo de detectar problemas e improvisar solucións, de acordo coa natureza do posto de traballo e a súa posición xerárquica.

- Autonomía: o grao de independencia no desempeño das tarefas que se desenvolvan e as funcións polas que foi contratada.

- Responsabilidade e mando: entendendo por tal a resultante da combinación do grao de autonomía de acción, a influencia sobre os resultados e a importancia das consecuencias da xestión. Será determinante o grao de supervisión a que a persoa traballadora estea sometida, así como o grao de interrelación con outras persoas da empresa, efectuando labores de dirección de equipos, ou alleas a esta establecendo xestións, negociacións, pactos e similares.

Definición dos grupos profesionais

Os grupos profesionais na empresa serán os seguintes:

- Grupo profesional 1 - directores/as de área
- Grupo profesional 2 - xefes/as de área
- Grupo profesional 3- técnicos/as
- Grupo profesional 4 - auxiliares técnicos
- Grupo profesional 5 - operarios/as
- Grupo profesional 6 - auxiliares administrativos e oficiais

Grupo profesional 1: directores/as área

Criterios xerais: inclúese neste grupo o persoal que toma decisións, organiza, dirixe e coordina actividades propias para o funcionamento da empresa. Desempeñan altos postos de dirección ou execución dos mesmos niveis nos departamentos en que se estrutura a empresa.

Formación: titulado/a de grao superior que estea unido á empresa por un vínculo de relación laboral concertado en razón do título que posúe, completado con estudos específicos e dilatada experiencia profesional.

Postos de traballo: inclúense neste grupo postos como, por exemplo, os seguintes:

- Director/a de operacións: entre as súas principais funcións atópanse as seguintes: a) establecer as directrices xerais da área de operacións resolvendo incidencias que puidesen producirse; b) validar redacción de proxectos e supervisar a fase de tramitación; c) consultar informes técnicos para decidir a conveniencia de abordar un proxecto; d) negociar cos contratistas así como autorizar e supervisar os contratos de concesión; e) coordinar co xefe/a de O&M a interlocución con intermediarios e distribuidores de enerxía; f) asignar obxectivos e responsabilidades; participar nos distintos comités; g) consolidar e difundir as estimacións de orzamentos remitidos polos xefes/as de Proxecto e de O&M; h) coñecer as estimacións de produción e a produción anual de enerxía de acordo cos informes emitidos polo técnico/a de O&M.

- Director/a económico-financieiro: entre as súas principais funcións atópanse as seguintes: a) apoio na planificación estratéxica; b) planificación, captación e xestión dos recursos financeiros; c) planificación, análise e seguimento dos indicadores financeiros; d) asesoramento e avaliación de rendibilidade en relación a novos investimentos/proxectos; e) planificación e control orzamentario; f) contabilidade financeira; g) apoio xurídico en materia fiscal, laboral ou mercantil.

Grupo profesional 2: xefes/as de área

Criterios xerais: inclúense neste grupo as persoas traballadoras que realizan actividades complexas con obxectivos definidos e con alto grao de experiencia nos factores de autonomía e

responsabilidade, e que comportan unha actividade técnica ou profesional especializada.

As funcións deste grupo execútanse coordinando e integrando baixo o seu mando a un número de persoas, do seu mesmo departamento ou sección ou de varios.

Formación: titulado/a de grao superior ou medio con 10 anos de experiencia profesional.

Postos de traballo: inclúense neste grupo postos como, por exemplo, os seguintes:

- Xefe/a de proxecto: entre as súas principais funcións atópanse as seguintes: a) xestionar equipos; b) supervisar a aprobación, formalización, dirección e avaliación de proxectos; c) estimar o orzamento dos proxectos; d) supervisar a documentación requirida pola Administración; e) dirixir as obras dos parques ou centrais; f) participar no comité de proxectos; g) planificar e asignar eficientemente o persoal ao proxecto; h) supervisar que a obra se leve a cabo en termos de custo, calidade e prazos previstos.

- Xefe/a de operación e mantemento (O&M): entre as súas principais funcións atópanse as seguintes: a) xestionar equipos; b) supervisar e controlar o proceso de produción; c) canalizar os requirimentos da Administración; d) definir os procedementos de resolución de incidencias e mantemento preventivo; e) estimar o orzamento dos proxectos; f) participar no comité de proxectos; g) levar a cabo interlocución cos distribuidores de enerxía; h) control da produción e análise das conclusións dos informes diarios.

Grupo profesional 3: técnicos/as

Criterios xerais: inclúense neste grupo as persoas traballadoras que executan funcións con alto grao de autonomía e responsabilidade, debendo ter ao mesmo tempo experiencia profesional na propia empresa ou noutros coñecementos específicos do traballo para desenvolver e formación académica e técnica necesaria.

Formación: titulado/a de grao superior ou medio, completada con prácticas ou experiencia adquirida en traballos análogos, ou polos estudos específicos necesarios para o desenvolvemento da súa función.

Para determinados postos incluídos neste grupo, como supervisor/a de O&M, esixese titulación de Formación Profesional de grao superior ou medio, ademais dunha experiencia profesional de 20 anos.

Postos de traballo: inclúense neste grupo postos como, por exemplo, os seguintes:

- Técnico/a de proxecto: entre as súas principais funcións atópanse as seguintes: a) realizar todas as funcións asignadas en proxectos de enxeñería; b) seleccionar posibles localización onde iniciar un posible estudo de recursos enerxéticos; c) realizar as análises necesarias para a avaliación técnica de potenciais proxectos; d) analizar as novidades normativas para asegurar a adecuación dos proxectos á normativa vixente; e) levar a cabo análises relacionadas con alternativas de evacuación.

- Técnico/a de O&M: entre as súas principais funcións atópanse as seguintes: a) Supervisar que a actividade produtiva se realice de acordo coas previsións de produción; b) Recibir os avisos de incidencias desde os centrais/parques ata oficina; c) Consultar ao operario sobre a produción e estimar previsións; d) rexistrar a información para redactar o informe de seguimento; e) Tramitar os requirimentos de Administración; f) Realizar seguimento dos labores de mantemento.

- Supervisor/a de O&M: entre as súas principais funcións atópanse as seguintes: a) Supervisión da calidade de execución das tarefas de mantemento preventivo, correctivo e predictivo; b) Revisión do estado de conservación xeral das instalacións; e c)

Velar polo correcto cumprimento das normas de Seguridade e Saúde, así como pola aplicación medidas de protección do medio ambiente nas instalacións.

Grupo profesional 4: auxiliares técnicos

Criterios xerais: inclúense neste grupo as persoas traballadoras que executan funcións seguindo instrucións de superior xerárquico, con certo grao de autonomía. Para a súa execución requíranse adecuados coñecementos técnicos ou administrativos e aptitudes prácticas.

Formación: titulación de grao medio ou de Formación Profesional de grao superior ou medio e experiencia profesional.

Postos de traballo: inclúense neste grupo postos como, por exemplo, os seguintes:

- Auxiliar técnico de proxecto: entre as súas principais funcións atópanse as seguintes: a) Supervisar a execución das actividades realizadas polos contratistas na construción das obras; b) Reportar ao xefe/a de proxecto sobre o estado das obras; c) Liquidar as incidencias da súa competencia; d) Deseñar os planos dos proxectos de enxeñería; e) Completar as análises requiridas pola Administración; f) Recoñecemento sobre o terreo previo á instalación das torres de medición e, en caso necesario, recollida de datos.

- Auxiliar técnico de O&M: entre as súas principais funcións atópanse as seguintes: a) Apoio e asistencia ao técnico/a de mantemento en labores de mantemento preventivo, predictivo e correctivo; b) Asistencia na elaboración de documentación e informes de intervencións para reporte ao responsable de área.

Grupo profesional 5: operarios/as

Criterios xerais: inclúense neste grupo as persoas traballadoras que executan funcións que consisten en operacións realizadas seguindo un método de traballo preciso e concreto que será supervisado polo seu responsable xerárquico e para a súa realización requíranse a formación profesional correspondente, coñecemento previo e/ou experiencia práctica.

Formación: titulación de grao medio ou de formación profesional de grao superior ou medio e experiencia profesional.

Postos de traballo: inclúense neste grupo postos de traballo como:

- Operarios/as de mantemento ou operarios/as de O&M: entre as súas principais funcións atópanse as seguintes: a) Proponer e realizar tarefas de mantemento; b) Reparar as incidencias e avarías, en remoto ou presencial; c) Colaboración cos técnicos/as de O&M no control da produción.

Grupo profesional 6: auxiliares administrativos e oficiais

Criterios xerais: inclúense neste grupo quen conte coa formación profesional ou experiencia afin equivalente recoñecida pola empresa, esixidas para a execución de actividades administrativas de apoio que sexan requiridas para a execución das actividades propias dos departamentos.

Formación: bacharelato ou formación profesional de grao superior ou medio e experiencia profesional.

Postos de traballo: inclúense neste grupo postos como, por exemplo, os seguintes:

- Auxiliar administrativo: entre as súas principais funcións atópanse as seguintes: a) Arquivo electrónico documental; b) Recompilación de documentos; c) Mantemento do arquivo físico; d) Informar sobre necesidades de compra de material; e) Elaborar facturas.

- Secretario/a-recepcionista: entre as súas principais funcións atópanse as seguintes: a) Realizar tarefas relacionadas coa atención de visitas e servizos de telefonía; b) Recibir e distribuír os pedidos e a correspondencia; c) Trasladar a formato dixital a documentación administrativa.



Notas sobre os grupos profesionais

Con carácter xeral, sinalar que a descrición das funcións de cada un dos postos de traballo se atopa ademais incluída nos manuais de postos de traballo da empresa.

A clasificación contida no presente artigo realizarase por interpretación e aplicación dos criterios xerais e por actividades básicas máis representativas desenvolvidas nos exemplos.

No caso de concorrencia nun posto de traballo de labores básicos correspondentes a grupos profesionais diferentes, a clasificación realizarase en función das actividades propias do grupo ao que dedique a maior parte da súa xornada, atendéndose en todo caso a criterios de traballo de igual valor para evitar calquera tipo de discriminación.

Capítulo III - Organización do traballo

A organización do traballo, a súa programación, clasificación e distribución entre as áreas ou departamentos da empresa e as condicións xerais da prestación do traballo, son facultades da Dirección. Estas facultades terán, no seu caso, as limitacións impostas polas normas legais de obrigada obediencia e polo respecto debido á dignidade persoal da persoa traballadora.

O persoal executará as tarefas que lle sexan confiadas dentro do ámbito da súa competencia e grupo profesional observando nas súas relacións de subordinación e compañeirismo a máxima corrección e estrita disciplina.

O persoal comprométese a non actuar en contra dos intereses da empresa e a respectar en todo momento as obrigacións propias do posto conforme co esixible legal e convencionalmente, e en virtude das políticas internas vixentes en cada momento.

Artigo 10. Organización dos servizos

A organización e dirección técnica, práctica e científica da actividade laboral é facultade exclusiva da Dirección da empresa, con suxeición ás normas e orientacións establecidas neste e ás disposicións legais aplicables.

Artigo 11. Xornada e horario de traballo

1. A duración máxima da xornada ordinaria de traballo será, en cómputo anual, de 1.800 horas.

Con carácter xeral, a media diaria de xornada ordinaria para todo o persoal da empresa será de 8,5 horas de tempo efectivo de traballo, considerando unha pausa obrigatoria de luns a xoves de 30 minutos que deberá efectuarse entre as 13.30 e as 15.30 horas.

A xornada semanal ordinaria de traballo queda distribuída con carácter xeral do seguinte modo:

- De luns a xoves: de 8.30 a 14.00 horas e de 15.30 a 18.30 horas.

- Os venres: de 8.30 a 13.30 horas.

2. De acordo co establecido no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, ningunha festa laboral será recuperable. As xornadas laborais dos días 24 e 31 de decembro non serán laborables nin recuperables.

O día 5 de xaneiro a prestación de servizos realizarase de forma continuada, equiparándose á xornada laboral dos venres.

3. Con carácter xeral, nos períodos comprendidos entre o 1 de xuño e o 30 de setembro, ambos inclusive, e entre o 26 de decembro e 4 de xaneiro, ambos incluídos, o persoal poderá gozar de xornada intensiva que comprenderá unha xornada continuada distribuída do seguinte modo:

- De luns a xoves: de 8.00 a 15.00 horas.

- Os venres: de 8.00 a 14.00 horas.

A concorrencia de puntuais necesidades organizativas e produtivas poderá limitar nalgún departamento e en determinados días o goce da xornada intensiva descrita neste artigo. Con todo, a concorrencia destas necesidades deberá estar xustificada

en todo caso polo responsable do departamento e ser así mesmo visada pola Dirección da empresa.

No Departamento de Explotación, pola natureza dos postos de traballo e as necesidades de cobertura dos traballos de mantemento e de supervisión nas instalacións eólicas e hidráulicas que se realizan en período estival, tamén serán as necesidades organizativas e produtivas propias da actividade desenvolvida en cada caso as que determinarán as posibilidades de gozar da xornada intensiva descrita neste artigo. Tamén neste departamento a concorrencia destas necesidades deberá estar xustificada polo responsable e ser, así mesmo, visada pola Dirección da empresa.

En calquera caso e co fin de garantir que a xornada intensiva poida gozarse polas persoas traballadoras do Departamento de Explotación durante os indicados períodos, configurarase pola empresa ao comezo de cada ano un calendario de reténs que terá carácter rotativo, de maneira que toda aquela persoa traballadora que nas datas (comprendidas entre o 1 de xuño e o 30 de setembro, e entre o 26 de decembro e o 4 de xaneiro) nas que, conforme ao citado calendario, non lle corresponda realizar retén-garda, poderá gozar da xornada intensiva. No caso concreto de que non exista calendario de retén para este período establecerase un calendario rotativo entre as persoas traballadoras afectadas.

4. A elección da persoa traballadora, poderase facer uso dunha flexibilidade horaria nas entradas ao traballo de 30 minutos respecto ao horario ordinario. En todo caso haberán de respectarse, por necesidades de servizo, as horas de presenza común obrigada que comprenderán desde as 09.00 horas ata as 13.30 horas de luns a xoves e desde as 8.30 horas ata as 13.30 horas os venres, e sendo obrigatoria na xornada de luns a xoves unha pausa ou interrupción da xornada no tempo comprendido entre as 13.30 e as 15.30 horas de 30 minutos de duración.

Con independencia da aplicación da flexibilidade horaria descrita no presente apartado 4, o horario máximo de fin de actividade a partir da entrada en vigor do convenio será as 18.30 horas, e o mínimo será ás 17.00 horas.

En caso de necesidade do servizo (cobertura de actividade, desprazamento a instalacións, reunións, etc.) o horario elixido pola persoa traballadora na entrada ou saída por aplicación desta flexibilidade, pode ser modificado excepcionalmente pola empresa e mediando aviso previo coa maior antelación posible.

5. Nas xornadas de duración continuada que excedan de 6 horas, establecerase un tempo de descanso (bocadillo) de 15 minutos diarios. Este tempo terá a consideración de tempo de traballo efectivo.

6. En todo caso respectaranse os descansos mínimos entre xornadas e o descanso semanal, conforme dispoña a lexislación laboral vixente en cada momento.

Artigo 12. Distribución irregular da xornada

Como medida para contribuír á flexibilidade interna na empresa e favorecer así a súa posición competitiva e unha mellor resposta ás esixencias da demanda, acórdase que, cada ano de vixencia do convenio, a empresa poderá distribuír irregularmente ao longo do ano ata 216 horas, que, consideradas de natureza ordinaria a pesar do seu carácter irregular, formarán parte do cómputo anual da xornada.

A distribución irregular aquí regulada poderá consistir en incrementos ou en diminucións de xornada (os cales non poderán implicar diminución de retribución ou dereito laboral ningún). Iso significa que nun momento determinado, a empresa e as persoas traballadoras poderán ser debedores ou acredores do tempo de traballo, por aplicación, xa sexa de prolongacións

de xornada, ou da denominada flexibilidade inversa, respectivamente.

Por tanto, a distribución irregular da xornada poderá utilizarse tanto para abordar situacións relacionadas co aumento da carga ou volume de traballo como coa diminución do volume ou carga de traballo.

Para a súa aplicación preavisarase á persoa traballadora directamente afectada e á representación legal dos/as traballadores/as, con cinco días de antelación, tanto da necesidade de levar a cabo prolongacións de xornada como a necesidade de substituír as horas de prestación efectiva do seu traballo por un descanso obrigatorio.

Cando a irregularidade ou flexibilización consistise en prolongación de xornada, a compensación das horas realizadas será a seguinte:

- Unha hora de descanso obrigatorio por cada hora flexible, ata a décima hora de traballo diario, incluída esta.
- 1,5 horas por cada hora flexible realizada desde a décima hora de traballo diario. Neste suposto, unha hora será de descanso obrigatorio, e a media hora adicional poderá ser descansada ou retribuída, de acordo co seguinte parágrafo.

O período de descanso compensatorio gozase como máximo no prazo de 12 meses desde a data na que se producise a prolongación de xornada, dentro da xornada anual pactada, sempre que non coincida con períodos punta de traballo, e procurando que estes, sempre que as circunstancias organizativas e/ou produtivas o permitan, se fixen por acordo coa representación legal dos/as traballadores/as ou coas propias persoas afectadas.

As medias horas adicionais de compensación poderán ser efectuadas en tempo de descanso ou retribuídas, a opción da persoa traballadora. En caso de optar por descanso, a data de desfrute corresponderalle á empresa.

A irregularidade ou flexibilización poderá tamén utilizarse en sentido inverso, para abordar situacións produtivas relacionadas coa diminución do volume ou carga de traballo:

- A empresa notificará á persoa traballadora por escrito, con cinco días de antelación, a necesidade de substituír as horas de prestación efectiva do seu traballo que determine a empresa por un descanso obrigatorio sen diminución de retribución ou dereito laboral ningún.
- Así mesmo, a empresa notificará á persoa traballadora por escrito, con cinco días de antelación, a necesidade de recuperar as horas de traballo efectivo que fosen substituídas por un descanso obrigatorio no marco da flexibilidade inversa. Esta recuperación será de aplicación en días laborables que resulten para cada persoa traballadora, salvo pacto en contrario coa representación legal dos/as traballadores/as e deberá respectar en todo caso o réxime de descansos legal e convencional.
- As horas de flexibilidade inversa aplicadas como descanso obrigatorio durante os primeiros oito meses do ano natural deberán recuperarse dentro deste último. As horas xeradas nos catro últimos meses do ano natural poderanse recuperar dentro dos seis meses do ano natural seguinte.
- Na posta en práctica da flexibilidade inversa terase en conta o sistema de rotación de tal xeito que non sexa realizada sempre polas mesmas persoas, así como que se establecerá a posibilidade de permutas entre elas sempre que estas sexan organizativamente posibles e que se baseen na voluntariedade das persoas afectadas.

A distribución irregular non será aplicada a aquelas persoas traballadoras que teñan limitada a súa presenza por razóns de seguridade, saúde, coidado de menores, embarazo ou períodos de lactación.

Artigo 13. Calendario laboral

Durante os meses de novembro e decembro de cada ano, a empresa elaborará o calendario laboral anual, o cal deberá quedar definitivamente fixado antes do 31 de xaneiro do seu ano correspondente.

No devandito calendario deberán figurar os días hábiles de traballo e os días festivos.

Os períodos de vacacións quedarán establecidos nos termos indicados no artigo 22 do presente convenio.

Ademais das festas establecidas con carácter xeral e local pola Administración, establécese que os días 24 e 31 de decembro de cada ano terán a consideración de non laborables, salvo pacto coas persoas traballadoras, tras a intervención previa da representación legal dos/as traballadores/as. Aquel persoal que por causas conxunturais do servizo ou outras circunstancias da empresa tivesen que prestar servizo algún destes dous días, poderán recuperalo a razón douro día libre na data que se pacte por acordo entre empresa e persoa traballadora.

A empresa deberá realizar unha copia do calendario, convenientemente asinada pola representación legal dos/as traballadores/as, e expoñelo nun lugar visible do centro de traballo, para coñecemento de todas as persoas traballadoras, así como entregar copia deste á citada representación legal dos/as traballadores/as.

Artigo 14. Traballo a distancia e teletraballo

En materia de traballo a distancia e teletraballo estarase ás especialidades contempladas neste artigo.

As persoas traballadoras terán a posibilidade, de maneira voluntaria, de prestar os seus servizos desde o seu domicilio habitual un máximo dun día á semana, sempre que as necesidades produtivas ou organizativas do departamento ou oficina o permitan.

Co fin de organizar e planificar adecuadamente os recursos e os traballos, a persoa traballadora que teña interese en acollerse a esta modalidade de traballo, deberá cubrir unha solicitude, non máis tarde do xoves da semana anterior, indicando o día da semana en que solicita prestar servizos a distancia e as razóns que motivan esta solicitude. A solicitude debe vir referida a un día laborable completo, e non poderá fraccionalo.

Esta solicitude será valorada pola Dirección e unicamente se autorizará se as circunstancias expostas pola persoa traballadora están xustificadas e sempre que as necesidades produtivas e organizativas do departamento ou oficina o permitan.

No caso de que a persoa traballadora, por necesidades do departamento ou oficina, finalmente non puidese prestar servizos desde o seu domicilio o día solicitado, poderá cambialo, tras o acordo previo cos seus responsables, sen que caiba a acumulación de máis dun día de traballo a distancia na mesma semana.

Durante o tempo en que a persoa traballadora preste os seus servizos á empresa, desde o seu domicilio habitual, deberá estar totalmente dispoñible e dedicada en exclusiva á realización do seu traballo, sen que poidan compatibilizalo con ningunha outra actividade profesional ou persoal. Así mesmo, o desempeño profesional e a calidade do traballo non poden verse afectados pola realización da prestación de servizos desde o domicilio.

A persoa traballadora debe conectarse á rede corporativa mediante conexión segura e dispoñer de todos os medios necesarios para levar a cabo de maneira óptima desde o seu domicilio a prestación dos seus servizos. Calquera ferramenta de traballo que a empresa puxese ao dispor da persoa traballadora para a prestación de servizos (hardware, software, teléfono, correo electrónico, Internet, etc.) ten como finalidade axilizar



as comunicacións e o traballo para realizar, e a súa utilización está suxeita ás políticas de seguridade na información e confidencialidade da empresa.

Tendo en conta que o traballo a distancia descrito no presente artigo non alcanza a porcentaxe mínima do trinta por cento da xornada, non se situaría no ámbito de aplicación da Lei 10/2021, do 9 de xullo, de traballo a distancia. A empresa non levará a cabo aboamento e compensación de gastos que poidan derivarse do desenvolvemento da prestación de servizos a distancia por parte da persoa traballadora.

As persoas traballadoras a distancia terán os mesmos dereitos individuais e colectivos que o resto de persoas traballadoras da empresa.

Capítulo IV. Mobilidade, ingresos e contratación

Artigo 15. Mobilidade funcional e traballos de distinto grupo profesional

Poderá levar a cabo unha mobilidade funcional, cumprindo o marco normativo vixente, no interior dos grupos profesionais. Exercerán de límite as titulacións académicas ou profesionais que se esixan para exercer a prestación laboral, así como o respecto á súa dignidade.

Cando existan razóns técnicas e organizativas e polo tempo imprescindible para a súa atención, a persoa traballadora que posúa a titulación académica ou profesional necesaria poderá realizar labores dun grupo profesional superior ou inferior ao que estea asignada. A empresa deberá comunicar a súa decisión e as razóns desta á representación legal dos/as traballadores/as.

Conforme co que dispón o vixente artigo 39.2 do Estatuto dos traballadores, cando se trata de encomenda de funcións dun grupo profesional superior, a duración máxima será de seis meses durante un ano ou oito durante dous anos.

A persoa traballadora terá dereito á retribución correspondente ás funcións que efectivamente realice, salvo nos casos de encomenda de funcións inferiores, nos que manterá a retribución de orixe.

O cambio de funcións distintas dos supostos previstos neste artigo requirirá o acordo das partes ou na súa falta o sometemento ás regras previstas para as modificacións substanciais de condicións de traballo.

Artigo 16. Mobilidade xeográfica

En materia de traslados e desprazamentos estarase ao disposto no artigo 40 do Estatuto dos traballadores ou artigo equivalente vixente en cada momento durante a vixencia do presente convenio.

En materia de compensación de gastos por traslado estarase ao que pacten as partes. En defecto de pacto, a compensación por gastos de traslado comprenderá os custos da mudanza que serán aboados pola empresa unha vez sexan xustificadas pola persoa traballadora.

Artigo 17. Provisión de vacantes

Cubriranse libremente pola Dirección da empresa as prazas, sexan de nova creación ou vacantes, que vaian ser ocupadas:

a) Por titulado/as, tanto no campo técnico como administrativo.

b) Por outra categoría dentro dos grupos profesionais establecidos, en postos de confianza, directivos ou que impliquen función de mando a todos os niveis da estrutura.

Artigo 18. Promoción ou ascensos

Os ascensos e promocións do persoal dentro do sistema de clasificación profesional decidiranse pola empresa tendo en conta a formación e méritos da persoa traballadora, así como as facultades organizativas da empresa.

En todo caso, os criterios de ascensos e promocións serán comúns para todas as persoas, independentemente do seu

xénero, e deberán respectar así mesmo o imperativo de non discriminación nas relacións laborais establecido no artigo 17 do Estatuto dos traballadores.

Para o ascenso ou promoción profesional do persoal requirirase posuír as aptitudes esixidas para o desempeño dos novos postos de traballo, para estes efectos valorarase a asistencia das persoas traballadoras, con aproveitamento acreditado, a cursos de formación directamente relacionados co posto para ocupar.

Artigo 19. Período de proba

Poderá concertarse por escrito un período de proba, que en ningún caso poderá exceder de 6 meses para os/as técnicos/as titulados/as, nin de tres meses para o resto do persoal, excepto para o persoal non cualificado, nese caso a duración máxima será de quince días laborables.

Durante o período de proba, a persoa traballadora terá os dereitos e obrigacións correspondentes ao grupo e posto de traballo que desempeñe, coma se fose de persoal, excepto os derivados da resolución da relación laboral, que poderá producirse a instancia de calquera das partes durante o seu transcurso.

Unha vez transcorrido o período de proba sen que se produci-se a desistencia, o contrato producirá plenos efectos e computarase o tempo dos servizos prestados na antigüidade da persoa traballadora na empresa.

As situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción, garda con fins de adopción, acollimento, risco durante a lactación e paternidade, que afecten á persoa traballadora durante o período de proba, interromperán o cómputo deste, que se renovará a partir da data da reincorporación efectiva ao traballo.

Artigo 20. Dimisión da persoa traballadora

En caso de dimisión da persoa traballadora do seu posto de traballo na empresa, haberá de avisar por escrito cunha antelación mínima de 15 días hábiles. Practicarase os descontos oportunos na liquidación de haberes profesionais en caso de incumprimento total ou parcial desta obrigación de aviso previo.

Artigo 21. Contratación de duración determinada do artigo 15 do Estatuto dos traballadores

O contrato de traballo de duración determinada poderase concertar nos termos establecidos na lexislación vixente en cada momento.

Capítulo V - Vacacións, permisos e excedencias

Artigo 22. Vacacións

O período de vacacións anuais retribuídas, para todo o persoal que goce da xornada intensiva reflectida no artigo 11.3 do presente convenio, será de 22 días laborables.

O persoal que por necesidades do servizo non poida gozar da xornada intensiva de verán, gozará de 23 días laborables de vacacións anuais.

Para a fixación e goce das vacacións anuais serán de aplicación as seguintes regras:

▪ As vacacións correspondentes a un ano natural terán que ser gozadas dentro do mesmo ano en curso (entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro) ou como máximo ata o 15 de xaneiro do ano seguinte, salvo naqueles casos nos que resulte de aplicación o disposto no apartado terceiro do artigo 38 do Estatuto dos traballadores relativo aos supostos de coincidencia do período vacacional co tempo dunha incapacidade temporal ou co período de suspensión do contrato previsto nos apartados 4, 5 e 7 do artigo 48 do mesmo texto legal.

Entre o 15 de decembro e o 15 de febreiro, cada persoa traballadora remitirá ao responsable do seu departamento a súa solicitude de vacacións para o ano.

En función das necesidades do servizo e de cobertura de cada departamento, o responsable deste confeccionará o calendario

de vacacións do persoal ao seu cargo. Como regra xeral, tentará acceder a cantas peticións sexan posibles sempre que non vaia en detrimento do servizo.

En todo caso, sempre debe haber un mínimo de dúas persoas por actividade (eólico e hidráulico) prestando servizos. Para iso en cada departamento o responsable poderá establecer e coordinar un sistema de rotación anual.

Unha vez confeccionado o calendario vacacional de cada departamento será asinado e enviado polo responsable daquel, á persoa que ocupe o posto de xefe/a de Administración para a súa supervisión e, no seu caso, aprobación.

▪ Será responsabilidade de cada responsable de departamento garantir os servizos mínimos necesarios que debe prestar cada departamento/proxecto/área.

Confeccionaranse os distintos cadros de vacacións dentro dos primeiros meses do ano, e o calendario vacacional definitivo aprobado pola Administración deberá ser publicado en todo caso antes do 31 de marzo.

Corresponde en exclusiva á Administración o control dos períodos vacacionais concedidos, así como o seguimento do goce das vacacións correspondentes a cada ano.

Como norma xeral, o período vacacional distribuirase da seguinte forma:

- 1.º período: 10 días consecutivos no período coincidente coa xornada intensiva de verán comprendida entre o 1 de xuño e o 30 de setembro.

- 2.º período: 12 días para elixir en calquera período, tras a comunicación previa e aprobación do responsable de departamento/proxecto/área correspondente.

As pontes que sexan gozadas sempre irán con cargo a vacacións (dos 12 días correspondentes ao 2.º período) e para o seu goce será necesario que se garantan adecuadamente por cada departamento os servizos mínimos necesarios para o bo desenvolvemento das actividades ordinarias da empresa.

Os venres correspondentes a períodos nos que non se goce de xornada intensiva, seguirán computando como medio día para os efectos de vacacións.

O persoal con dereito a vacacións que cesen no transcurso do ano terán dereito á parte proporcional das vacacións, segundo o número de meses traballados.

Artigo 23. Permisos, licenzas e outros dereitos derivados da conciliación da vida laboral e familiar

A) Suspensión do contrato por nacemento

O nacemento, que comprende o parto e o coidado de menor de doce meses, suspenderá o contrato de traballo da nai biolóxica durante 16 semanas, das cales serán obrigatorias as seis semanas ininterrompidas inmediatamente posteriores ao parto, que haberán de gozarse a xornada completa, para asegurar a protección da saúde da nai.

O nacemento suspenderá o contrato de traballo do proxenitor distinto da nai biolóxica durante 16 semanas, das cales serán obrigatorias as seis semanas ininterrompidas inmediatamente posteriores ao parto, que haberán de gozarse a xornada completa, para o cumprimento dos deberes de coidado previstos no artigo 68 do Código Civil.

Nos casos de parto prematuro e naqueles en que, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, o período de suspensión poderá computarse, a instancia da nai biolóxica ou do outro proxenitor, a partir da data da alta hospitalaria. Exclúense do devandito cómputo as seis semanas posteriores ao parto, de suspensión obrigatoria do contrato da nai biolóxica.

Nos casos de parto prematuro con falta de peso e naqueloutras en que o neonato precise, por algunha condición clínica,

hospitalización a continuación do parto, por un período superior a sete días, o período de suspensión ampliarase en tantos días como o nado se atope hospitalizado, cun máximo de trece semanas adicionais, e nos termos en que regulamentariamente se desenvolva.

No suposto de falecemento do fillo ou filla, o período de suspensión non se verá reducido, salvo que, unha vez finalizadas as seis semanas de descanso obrigatorio, se solicite a reincorporación ao posto de traballo.

A suspensión do contrato de cada un dos proxenitores polo coidado de menor, unha vez transcorridas as primeiras seis semanas inmediatamente posteriores ao parto, poderá distribuírse a vontade daqueles, en períodos semanais que se gozarán de forma acumulada ou interrompida e exercitarse desde a finalización da suspensión obrigatoria posterior ao parto ata que o fillo ou a filla cumpra doce meses. Con todo, a nai biolóxica poderá anticipar o seu exercicio ata catro semanas antes da data previsible do parto. O goce de cada período semanal ou, no seu caso, da acumulación dos devanditos períodos, deberá comunicarse á empresa cunha antelación mínima de quince días.

Este dereito é individual da persoa traballadora sen que poida transferirse o seu exercicio ao outro proxenitor.

A suspensión do contrato de traballo, transcorridas as primeiras seis semanas inmediatamente posteriores ao parto, poderá gozarse en réxime de xornada completa ou de xornada parcial, tras o acordo previo entre a empresa e a persoa traballadora, e conforme se determine regulamentariamente.

A persoa traballadora deberá comunicarlle á empresa, cunha antelación mínima de quince días, o exercicio deste dereito. Cando os dous proxenitores que exerzan este dereito traballen para a mesma empresa, a dirección empresarial poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas por escrito.

Nos supostos de adopción, de garda con fins de adopción e de acollemento, estarase ao disposto en cada momento polo Estatuto dos traballadores e demais normativa aplicable.

B) Lactación

As persoas traballadoras por lactación dun menor de 9 meses terán dereito a unha hora de ausencia do traballo que poderán dividir en dúas fraccións. A duración do permiso incrementárase proporcionalmente nos casos de parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiples.

Quen exerza este dereito, pola súa vontade poderá substituílo por unha redución da súa xornada en media hora coa mesma finalidade ou acumulalo en xornadas completas tras a situación de baixa por maternidade. A duración máxima do permiso en caso de acumulación en xornadas completas será de doce días laborables que serán gozados de forma continuada tras a finalización da suspensión do contrato por nacemento.

Este permiso constitúe un dereito individual das persoas traballadoras, sen que poida transferirse o seu exercicio ao outro proxenitor, adoptante, gardador ou acolector. Con todo, se dúas persoas traballadoras da mesma empresa exercen este dereito polo mesmo suxeito causante, a dirección empresarial poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas de funcionamento da empresa, que deberá comunicar por escrito.

Cando ambos os proxenitores, adoptantes, gardadores ou acolectores exerzan este dereito coa mesma duración e réxime, o período de goce poderá estenderse ata que o lactante cumpra doce meses, con redución proporcional do salario a partir do cumprimento dos nove meses.



C) Licenzas retribuídas

Todo o persoal terá dereito a gozar, tras o previo aviso e xustificación, de licenza nos casos que a continuación se relacionan e pola duración que se indica, co aboamento íntegro da retribución e sen que iso supoña desconto a ningún efecto:

1. Quince días: por matrimonio ou unión de feito debidamente inscritos no rexistro correspondente.

2. Dous días: polo falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización, ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario, de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade, salvo no caso de falecemento do cónxuxe, pais e fillos/as no que o permiso será o establecido no apartado 3). Cando, con tal motivo, a persoa traballadora necesite facer un desprazamento para o efecto de máis de douscentos quilómetros por cada un das viaxes de ida e volta, o prazo será de catro días.

3. Catro días: por falecemento de pais, incluíndose neste tempo os posibles desprazamentos. No caso de falecemento de cónxuxe e fillos/as ampliase este permiso a cinco días, incluíndose igualmente neste tempo os posibles desprazamentos.

4. Un día: por traslado de domicilio habitual.

5. Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal. Cando conste nunha norma legal ou convencional un período determinado, estarase ao que esta dispoña en canto a duración da ausencia e á súa compensación económica.

6. Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal nos termos establecidos legal ou convencionalmente.

7. Polo tempo indispensable para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto e, nos casos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, para a asistencia ás preceptivas sesións de información e preparación e para a realización dos preceptivos informes psicolóxicos e sociais previos á declaración de idoneidade, sempre, en todos os casos, que deban ter lugar dentro da xornada de traballo.

8. Anualmente as persoas traballadoras afectadas polo presente convenio poderán gozar dun máximo de 2 días de licenza retribuída nos seguintes supostos:

a. Para asistencia a consultorio médico ou acompañamento a familiar ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade, sempre que a persoa traballadora teña que acudir en horario coincidente coa súa xornada de traballo.

b. Para asistencia á firma de documentos notariais necesarios para a adquisición e/ou venda de vivenda, ou para a realización de calquera outro trámite ante un organismo público que requira a presenza ineludible da traballadora para a súa firma, sempre que estes trámites coincidan coa súa xornada de traballo.

9. En caso de enfermidade grave da persoa traballadora, esta dispoñerá dun permiso de 16 horas anuais para a asistencia a consulta médica.

A empresa resérvase o dereito de solicitarlle á persoa traballadora toda a documentación que estime necesaria para dar por acreditado o suposto de feito que xustifique a solicitude e concesión do devandito permiso.

Nos supostos contemplados neste artigo, reconécerase o dereito a licenza retribuída tanto aos matrimonios convencionais como ás parellas de feito legalmente rexistradas nos rexistros públicos creados ou que poidan crearse para o efecto en calquera ámbito xeográfico ou, en defecto destes últimos, ás acreditadas mediante escritura pública notarial outorgada conxuntamente. Deberanse demostrar de forma fidedigna ante a empresa os requisitos establecidos anteriormente para o correspondente goce da licenza.

Para o non regulado polo presente artigo, estarase ao disposto en cada momento polo Estatuto dos traballadores e demais normativa aplicable.

Artigo 24. Excedencias

Excedencia forzosa

A excedencia forzosa dará dereito á conservación do posto de traballo e ao cómputo da antigüidade no suposto de designación ou elección para un cargo público que imposibilite a asistencia ao traballo. O reingreso deberá ser solicitado dentro do mes seguinte ao cesamento no cargo público.

Excedencia voluntaria

A excedencia voluntaria poderá ser solicitada polo persoal con, polo menos, un ano de antigüidade na empresa e aquela non poderá ser gozada por un prazo menor a catro meses nin maior a cinco anos. Este dereito só poderá ser exercitado outra vez pola mesma persoa traballadora se transcorresen catro anos desde o final da anterior excedencia voluntaria.

A persoa traballadora en excedencia voluntaria conserva só un dereito preferente ao reingreso nas vacantes de igual ou similar categoría á súa que houbese ou se producisen na empresa.

Excedencia por coidado de fillo/a ou de familiares

A excedencia por coidado de fillo/a dará dereito a un período de excedencia de duración non superior a tres anos para atender ao coidado de cada fillo, tanto cando o sexa por natureza, como por adopción ou nos supostos de garda con fins de adopción ou acollemento permanente, contado desde a data do nacemento ou, no seu caso, da resolución xudicial ou administrativa.

Tamén terán dereito a un período de excedencia, de duración non superior a dous anos, as persoas traballadoras para atender ao coidado dun familiar ata o 2.º grao de consanguinidade ou afinidade que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poida valerse en por si, e non desempeñe actividade retribuída.

A excedencia contemplada no presente apartado constitúe un dereito individual das persoas traballadoras, homes e mulleres. Con todo, se dous ou máis persoas traballadoras da mesma empresa xerasen este dereito polo mesmo suxeito causante, a empresa poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas de funcionamento empresarial.

Cando un novo suxeito causante dese dereito a un novo período de excedencia, o inicio deste dará fin ao que, no seu caso, viñésese gozando.

O período en que a persoa traballadora permaneza nesta situación de excedencia será computable para os efectos de antigüidade. Durante o primeiro ano terá dereito á reserva do seu posto de traballo. Unha vez transcorrido este prazo, a reserva quedará referida a un posto de traballo do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente.

As persoas traballadoras deberán solicitar a excedencia por escrito e coa debida antelación -un mes- e a empresa estará obrigada a responder por escrito á súa solicitude. Deberá concretarse a data de inicio e de fin da solicitude.

En todo caso, estarase ao disposto en cada momento polo Estatuto dos traballadores e demais normativa aplicable.

Capítulo VI - Réxime salarial

Artigo 25. Disposicións xerais sobre as retribucións. Estrutura salarial

As retribucións do persoal están constituídas polo salario convenio e as pagas extraordinarias e, no seu caso, polos complementos vinculados ao posto de traballo que procedan e que se describen nos artigos 26 e 27.

O denominado salario convenio será un para cada un dos grupos profesionais e constitúe a retribución mínima garantida.

Concretamente, o salario convenio de cada grupo profesional, é o que se establece no anexo I (táboa salarial). Todo o persoal percibirá en concepto de salario convenio as cantidades que se recollen no devandito anexo I.

As persoas traballadoras que xerasen o complemento persoal na data de entrada en vigor do presente convenio, continuarán percibíndoo en idénticas condicións ás que tiñan ao 31 de decembro de 2021.

Artigo 26. Complemento de retén

Ante as especiais características da actividade e dos servizos que ten encomendados a empresa, será inherente aos operarios/as de O&M que integran o grupo profesional 5 do presente convenio, a dispoñibilidade, entendendo como tal, o estar localizable vía teléfono móbil fóra das horas de traballo e en disposición de poder acudir ás instalacións nun período máximo de 45 minutos (para as instalacións máis próximas ao domicilio da persoa traballadora) ou nun período máximo de 2 horas (para as instalacións máis afastadas ao domicilio da persoa traballadora), e durante o período de tempo que se estipule e sexa necesario en cada caso.

Así mesmo, esta dispoñibilidade implica para o/a operario/a de O&M contar cos medios de comunicación necesarios para actuar en remoto, nos casos nos que proceda e sexa requirido para iso, así como realizar conexións coas instalacións no horario de conexións estipulado coa finalidade de detectar posibles incidencias nestas.

Ao comezo de cada ano e co fin de dar cumprimento a este servizo de dispoñibilidade, a empresa configurará un calendario de reténs que terá carácter rotativo entre os/as operarios/as de O&M, de maneira que a final de ano haxa unha equidade no número de horas de retén (dispoñibilidade) que realiza cada un deles.

Esta dispoñibilidade (é dicir, estar localizable e atoparse nunha área xeográfica que permita unha rápida resposta) implicará para os/as operarios/as de O&M o dereito a percibir un complemento de retén mensual, cuxo importe para o ano 2022 consta no anexo II do presente convenio e que se indica a continuación:

Complemento retén; Importe anual ano 2022; Importe mensual (12 pagas) Ano 2022

Operarios/as de O&M de eólico; 4.764,70 euros; 397,06 euros
Operarios/as de O&M de minihidráulico; 3.346,68 euros;
278,89 euros

Este complemento de retén é un complemento salarial de posto de traballo, de carácter persoal e non consolidable, en tanto que vinculado a un determinado posto de traballo de operario/a de O&M. De forma que no momento en que por calquera causa a persoa traballadora cesase nos servizos de dispoñibilidade descritos, deixará de percibir o complemento asociado a estes.

A percepción do complemento de retén será unicamente por estar localizable fóra da xornada habitual de traballo e realizar as conexións que procedan coas instalacións.

O cumprimento efectivo deste servizo de dispoñibilidade, terá que ser acreditado polo/a operario/a de O&M presentando, para o efecto, os partes de traballo correspondentes que serán visados mensualmente polo inmediato superior xerárquico. No caso de que non se cumprise este servizo de dispoñibilidade, non procederá o aboamento do complemento de retén.

Nos casos nos que as horas de retén realizadas polos/as operarios/as de O&M de eólico e de minihidráulico coincidan en día festivo, engadirase ao importe fixo mensual antes indicado unha contía de 36,77 euros/día festivo.

Para os restantes anos de vixencia do presente convenio, o complemento de retén verase incrementado co IPC do ano anterior. Así:

▪ Para o ano 2023, a contía indicada no anexo II incrementárase nunha porcentaxe equivalente ao IPC correspondente ao ano 2022.

▪ Para o ano 2024, a contía indicada no anexo II incrementárase nunha porcentaxe equivalente ao IPC correspondente ao ano 2023.

Gardas

Se adicionalmente despois da chamada, o/a operario/a de O&M tivese que realizar o desprazamento ás instalacións para realizar traballo efectivo, as horas traballadas serán denominadas “gardas”.

As gardas serán realizadas unicamente pola persoa traballadora de retén que corresponda conforme co calendario de reténs elaborado anualmente. En caso de necesidade, as gardas poderán ser realizadas, ademais de pola persoa traballadora de retén, por unha segunda persoa traballadora denominada “apoio guarda”.

As horas traballadas pola persoa traballadora de retén e, no seu caso tamén polo apoio guarda, serán consideradas horas extraordinarias, nos termos indicados no artigo 32 do presente convenio.

Así mesmo, o/a operario/a de O&M que teña que acudir, despois da correspondente chamada, a realizar ese traballo efectivo presencial, terá á súa disposición un vehículo de empresa para efectuar o desprazamento á instalación que corresponda.

O efectivo cumprimento das gardas, terá que ser acreditado a través dos correspondentes partes de traballo que serán visados mensualmente polo inmediato superior xerárquico do operario de O&M. No caso de que non se cumprise efectivamente este servizo, non procederá o aboamento de hora extraordinaria ningunha.

Artigo 26. Bis- Festivos especiais

Establécese un incremento do 50 % do importe do complemento de retén os días 25 de decembro e 1 de xaneiro, o que implica unha contía de 55,16 euros/día no caso de persoal de mantemento.

Artigo 27. Complemento de previsións

As previsións a mercado consisten nun servizo realizado para xestionar a enerxía xerada nun futuro inmediato de cada unha das plantas de xeración, planificando esta xeración en función dos prezos de POOL e do recurso dispoñible.

O persoal que leva a cabo as previsións serán os/as xefes/as de O&M ou persoal autorizado por estes, pertencente ao departamento de O&M. Han de estar operativos e realizar os cálculos oportunos para unha toma de decisións adecuada.

Para o caso concreto das instalacións hidráulicas, este persoal debe establecer os caudais de saída ao longo das 24 h diarias, incluíndo fins de semana e festivos. Así mesmo, para todas as instalacións de xeración hanse de enviar as correccións necesarias, en función da dispoñibilidade tecnolóxica.

Os/as xefes/as de O&M, ou persoal autorizado por estes, que elaboren previsións a mercado terán dereito a un complemento de previsións que se percibirá unicamente nas semanas que efectivamente se realicen as citadas previsións, e cuxo importe, para o ano 2022, consta no anexo II do presente convenio e desagregase a continuación:

Complemento previsións; Importe por semana

Responsables de O&M; 180,29 euros

A adscrición como responsable ao Departamento de O&M comporta esta dispoñibilidade e implicará o dereito á percepción da indicada contía de 180,29 euros por semana de previsións.



Os/as xefes/as de O&M ou persoal autorizado terán dereito ao aboamento desta contía semanal en concepto de complemento de previsións sempre que se produza a realización efectiva das citadas previsións a mercado, que elaborasen o correspondente informe sobre as actuacións realizadas e que este fose visado polo inmediato superior xerárquico.

Nos casos nos que os días nos que se realizan previsións de mercado coincidan en día festivo, engadirase ao importe por semana antes indicado unha contía de 36,77 euros/día festivo.

Para os restantes anos de vixencia do presente convenio, o complemento de previsións verase incrementado co IPC do ano anterior. Así:

- Para o ano 2023, a contía indicada no anexo II incrementárase nunha porcentaxe equivalente ao IPC correspondente ao ano 2022.

- Para o ano 2024, a contía indicada no anexo II incrementárase nunha porcentaxe equivalente ao IPC correspondente ao ano 2023.

Artigo 28. Bonus desempeño

As persoas traballadoras afectadas polo presente convenio terán a posibilidade de xerar unha cantidade anual conforme co sistema denominado bonus desempeño. Para o seu cálculo aplícarase un procedemento de avaliación do desempeño e do rendemento de traballo en base aos seguintes criterios:

A avaliación do desempeño é unha ferramenta que permite medir o rendemento de cada persoa traballadora no seu posto de traballo.

Cada profesional será avaliado, segundo o contido do seu posto de traballo, con base a competencias, entendidas tales como o conxunto de habilidades, actitudes e aptitudes inherentes á persoa e observables a través de condutas necesarias para alcanzar o máximo desempeño no posto de traballo.

O período de avaliación corresponderase cos últimos doce meses de prestación de servizos (ou período proporcional que corresponda).

As competencias que serán avaliadas anualmente serán, sen carácter exhaustivo, as seguintes: i) Visión global da empresa; ii) Profesionalidade; iii) Desenvolvemento de persoas; iv) Traballo en equipo/liderado; v) Organización e xestión de recursos; vi) Iniciativa; vii) Comunicación.

En función do resultado da avaliación das competencias e a posición de cada persoa traballadora nas bandas salariais da empresa, obterase unha contía anual individualizada por cada persoa traballadora que se denomina bonus desempeño.

As bandas salariais que se utilizarán para o cálculo do bonus desempeño, actualizaranse cada ano de vixencia de convenio en función do IPC real e ao terceiro ano revisaranse e actualizaranse con base a un estudo de benchmarking realizado por unha empresa independente.

Para a obtención da contía correspondente ao bonus desempeño teranse en conta os seguintes conceptos: salario convenio e, no seu caso, complemento persoal para o persoal que tivese dereito ao mesmo.

Os parámetros de cálculo do sistema de avaliación do desempeño e do rendemento do traballo, así como as bandas salariais serán comunicados á totalidade do persoal ao comezo de cada ano natural de vixencia do convenio.

E a contía que cada ano obteña cada persoa traballadora en concepto de bonus desempeño pasará a formar parte do complemento persoal citado no artigo 25 do presente convenio.

En todo caso, a aplicación da matriz para o cálculo do incremento salarial non implicará en ningún caso a baixada de salario da persoa traballadora.

Artigo 29. Forma de pago

O persoal da empresa recibirá os seus haberes mensualmente, excepto as percepcións de vencemento superior ao mes. A nómina de cada mes deberá ser aboada antes do día 5 do mes seguinte ao seu pagamento, de conformidade cos conceptos e contías regulados no presente convenio.

Por regra xeral o aboamento realizarase mediante transferencia bancaria á conta que cada persoa traballadora indique.

De acordo co disposto no artigo 29 do Estatuto dos traballadores, o recibo individual do pago do salario, sempre que este se aboe mediante transferencia bancaria, será remitido á persoa traballadora por medios telemáticos.

Artigo 30. Gratificacións extraordinarias

O persoal, calquera que sexa o grupo profesional ao que pertenza, terá dereito a percibir dúas gratificacións extraordinarias: no mes de xullo e no mes de decembro.

Estas pagas, correspondentes ao primeiro e segundo semestre do ano, deberán facerse efectivas co pago da nómina do mes de xuño e o 15 de decembro, respectivamente.

O importe de cada paga extraordinaria será comprensivo de 30 días de salario convenio e, no seu caso, de complemento persoal para o persoal que o xerese.

Ao persoal que cese ou ingrese na empresa no transcurso do ano aboaráselle as gratificacións rateadas cuxo importe estará en razón do tempo de servizos.

As gratificacións extraordinarias poderán ratearse mensualmente.

Artigo 31. Desprazamentos e axudas de custo

1. O persoal que, por necesidade do servizo de curta duración, teña que efectuar viaxes ou desprazarse fóra do centro de traballo, terá dereito ao aboamento dos gastos de locomoción cando utilice medios de transporte público, que deberá xustificar debidamente.

Cando con motivo dunha viaxe de servizo a empresa autorice o uso do vehículo propio da persoa traballadora, esta terá dereito a percibir, como gastos de locomoción, a cantidade de 0,19 euros por quilómetro percorrido, máis os gastos de peaxe e aparcamento que se xustifiquen.

2. O persoal que teña que efectuar viaxes ou desprazamentos a poboacións distintas a aquelas nas que radique o seu centro de traballo, terá dereito a que se lle aboen os gastos nos que incorrese, para cuxo efecto presentará os xustificantes correspondentes.

3. Cando a distribución do horario permita á persoa traballadora realizar as comidas no seu domicilio, non terán dereito a percibir axuda de custo ningunha.

4. A mobilidade xeográfica das persoas traballadoras terá as limitacións e rexerese polo que establecen as normas contidas no Estatuto dos traballadores.

En todo caso as persoas traballadoras deberán xustificar debidamente os gastos incorridos.

Artigo 32. Horas extraordinarias

A prestación de traballo en horas extraordinarias será voluntaria, salvo as que sexan estruturais, considerando como tal as necesarias para atender imprevisos, períodos punta de actividade ou pedidos cuxa non realización produza graves perdas materiais ou de clientes, ausencias imprevistas, cambios de quenda ou outras circunstancias de carácter estrutural, derivadas da natureza da actividade.

As horas extraordinarias poderán ser compensadas en metálico ou por tempos de descanso retribuído, sendo os/as responsables de cada departamento quen decidirán en cada caso optar por un ou outro sistema de compensación en función das necesidades produtivas e organizativas de cada departamento.

As horas extraordinarias que sexan compensadas por tempos de descanso retribuído, serano da seguinte maneira:

- As horas extraordinarias realizadas en día laborable recuperaranse a razón de 1,5 horas de descanso por hora traballada, dentro dos catro meses seguintes á súa realización.

- As horas extraordinarias realizadas en día festivo recuperaranse a razón de 2 horas de descanso por hora traballada, dentro dos catro meses seguintes á súa realización.

- As horas extraordinarias realizadas en día laborable e en horario nocturno recuperaranse a razón de 2 horas de descanso por hora traballada, dentro dos catro meses seguintes á súa realización.

- As horas extraordinarias realizadas en día festivo e en horario nocturno recuperaranse a razón de 2,5 horas de descanso por hora traballada, dentro dos catro meses seguintes á súa realización.

- As horas extraordinarias realizadas polo persoal de apoio do Departamento de Explotación en día laborable, recuperaranse a razón de 2 horas de descanso por hora traballada, dentro dos catro meses seguintes á súa realización.

- As horas extraordinarias realizadas polo persoal de apoio do Departamento de Explotación en día festivo, recuperaranse a razón de 2,5 horas de descanso por hora traballada, dentro dos catro meses seguintes á súa realización.

As horas extraordinarias que sexan compensadas economicamente, serano conforme coa seguinte fórmula:

LB = 1,05 x LB

NLB = 1,1 x LB

FT = 1,15 x LB

NFT = 1,3 x LB

ALB = 1,05 x LB

AFT = 1,4 x LB

Sendo:

LB: o importe correspondente a unha hora de traballo, en día e hora laborable, distinta para cada traballador, en función do seu salario.

NLB: hora extra en día laborable en horario nocturno, isto é de 22,00 h a 06,00 h

FT: hora extra en día festivo

NFT: hora extra en festivo en horario nocturno, isto é de 22,00 h a 06,00 h

ALB: apoio en laborable (persoal que non está de retén)

AFT: apoio en festivo (persoal que non está de retén)

Polo que se refire á limitación anual do número de horas extraordinarias, haberá de estarse, en todo caso, ademais de ao pactado nos apartados precedentes, ao previsto na lexislación laboral xeral vixente en cada momento.

A empresa poderá acordar coa persoa traballadora a compensación de todas as horas extraordinarias en tempo equivalente de descanso retribuído e non na súa compensación económica.

Artigo 33. Prestacións por enfermidade e accidente de traballo

A empresa, desde o cuarto día da correspondente baixa, inclusive, en enfermidade de máis de trinta días, completará as prestacións por enfermidade ou accidente de traballo ata o 100% do salario durante un prazo máximo de 12 meses, a partir da baixa.

Para os efectos do presente artigo, o salario estará constituído polas percepcións salariais en xornada ordinaria obtidas pola persoa traballadora nos 12 meses anteriores a que se producise o feito causante.

O persoal está obrigado, salvo imposibilidade manifesta e xustificada, a cursar a baixa da Seguridade Social dentro das 48 horas. Haberán de presentarse tamén a ser recoñecidos polo

médico que designe a empresa, co obxecto de que este informe sobre a imposibilidade de prestar servizo. A resistencia da persoa traballadora a ser recoñecida establecerá a presunción de que a enfermidade é simulada. En caso de discrepancia entre o médico da empresa e a persoa traballadora, someterase a cuestión á Inspección Médica da Seguridade Social, cuxo ditame será decisivo.

Artigo 34. Procedementos que se seguirán en supostos de baixas médicas, ausencias e asistencia a consultorio médico.

1. Nos casos de baixa médica, cada persoa traballadora terá a obriga de entregar o parte de baixa e os sucesivos partes de confirmación da baixa conforme coa lexislación vixente. O parte inicial enviarase no primeiro día da baixa ao Departamento de Administración e os partes de confirmación dentro do prazo semanal. No caso de imposibilidade de enviar un parte de baixa por enfermidade, accidente ou maternidade o primeiro día da baixa, o prazo máximo para o seu envío será de tres días.

2. Naqueles casos de ausencia sen baixa médica, a persoa traballadora, salvo imposibilidade manifesta que deberá xustificar debidamente, debe avisar previamente ao seu superior xerárquico directo e á Dirección do Departamento de Administración da súa non asistencia con, polo menos, un día de antelación (ou dentro da primeira media hora da xornada laboral en caso de imposibilidade xustificada de poder avisar previamente con antelación). En todo caso de ausencia, debe proceder ademais á xustificación desta a través de medio documental fidedigno e válido que será entregado ao Departamento de Administración ao día seguinte da ausencia.

O día de ausencia sen baixa médica irá a conta de vacacións.

3. Calquera ausencia non xustificada, poderá ser obxecto de sanción disciplinaria de conformidade co disposto no capítulo VII do presente convenio.

Artigo 35. Pólizas

A empresa está obrigada a contratar para o seu persoal unha póliza de accidente de traballo, atendendo á normativa vixente, que proporcione cobertura en casos de falecemento, e invalidez permanente nos graos de total, absoluta e gran invalidez.

En todos os supostos, as causas que os motiven han de ser consecuencia de accidente laboral. E as súas contías para a vixencia do presente convenio son as seguintes:

- En caso de falecemento por accidente: 100.000 euros, nos termos indicados na Póliza vixente.

- En caso de incapacidade permanente absoluta por accidente: 100.000 euros, nos termos indicados na póliza vixente.

- En caso de gran invalidez por accidente: 100.000 euros, nos termos indicados na póliza vixente.

- En caso de incapacidade permanente total por accidente: 28.000 euros, nos termos indicados na póliza vixente.

- En caso de incapacidade permanente parcial por accidente: por baremo, nos termos indicados na póliza vixente.

Capítulo VII - Réxime disciplinario

Artigo 36. Potestade disciplinaria

A facultade disciplinaria exercerase na forma que establecen as presentes normas. O exercicio desta facultade comprende o coñecemento e, no seu caso, sanción do incumprimento laboral e contractual da persoa traballadora, de acordo coa valoración das faltas e sancións previstas nesta mesma.

Considéranse faltas as accións ou omisións que supoñan quebranto ou descoñecemento dos deberes de calquera índole imposto polas disposicións legais en vigor e en especial polo presente convenio. As faltas clasificaranse en consideración á súa importancia en leves, graves e moi graves.



Artigo 37. Faltas leves

1. De unha a cinco faltas non xustificadas de puntualidade na asistencia ao servizo ou posto de traballo, nun período dun mes, sempre que destes atrasos non se deriven prexuízos para a empresa, nese caso de cualificará como grave.

2. Non cursar en tempo oportuno a baixa médica correspondente, cando se falta ao traballo por motivo xustificad, salvo imposibilidade de efectualo.

3. Non comunicar coa antelación debida a falta ao traballo por motivos xustificad, salvo imposibilidade de efectualo.

4. Faltar ao traballo un día sen a debida autorización ou causa xustificad, sempre que desta falta non se deriven prexuízos para o servizo, nese caso será considerad como falta grave se o prexuízo é grave, e moi grave se o prexuízo é moi grave.

5. Abandono do posto de traballo sen causa xustificad, aínda cando sexa por breve tempo, cando non prexudique o proceso produtivo. Se como consecuencia deste se orixinase prexuízo dalgunha consideración á empresa, esta falta poderá ser considerad como grave ou moi grave, segundo os casos.

6. Descoido, negligencia ou demora na execución de calquera traballo, sempre que non produzan perturbacións importantes no servizo, nese caso poderá ser considerad como grave ou moi grave.

7. Descoidos na conservación do material, ferramentas, materiais ou mobiliario.

8. Non comunicarlle á empresa, coa debida dilixencia, os cambios de domicilio, así como as variacións na situación familiar que poidan ter incidencia na Seguridade Social e/ou Facenda Pública.

9. As rifas ou discusións cos compañeiros de traballo dentro das dependencias da empresa. Se as ditas discusións producen escándalo notorio, poderán ser consideradas como faltas graves ou moi graves.

10. Embriaguez ocasional mostrada no centro de traballo ou lugar de prestación de servizos, se diso non se deriva prexuízo para a empresa.

11. Falta de aseo e limpeza persoal.

12. O uso esporádico do teléfono e demais aparellos electrónicos, tanto persoais como de traballo, para asuntos privados durante a súa xornada laboral, excepto casos de urxencia e acreditada necesidade.

E en xeral a utilización dos medios informáticos propiedade da empresa (ordenador, internet, correo electrónico, etc.) para usos ou fins distintos dos relacionados co contido da prestación laboral, salvo autorización expresa da empresa.

Artigo 38. Faltas graves

Cualificaranse como graves as seguintes:

1. Máis de cinco faltas de puntualidade na asistencia ao servizo ou posto de traballo, no período dun mes. Cando destas faltas se deriven prexuízos para o servizo, consideraranse como faltas moi graves.

2. Faltar de dous a tres días ao traballo durante un período dun mes sen causa xustificad. Cando destas faltas se deriven prexuízos para o servizo consideraranse como falta moi graves.

3. As cometidas contra a disciplina no traballo ou contra o respecto debido aos seus superiores, compañeiros e/ou subordinados.

4. A desobediencia ás ordes e instrucións de traballo, en calquera materia de servizo. Se esta desobediencia implica quebranto manifesto da disciplina ou se dela se derivase prexuízo notorio para a empresa, poderá ser considerad como falta moi grave.

5. A simulación de enfermidade ou accidente.

6. A negligencia ou descoido no traballo que afecte á boa marcha deste ou o atraso nas actuacións que lle son propias.

7. A inobservancia das medidas de seguridade e hixiene, cando non se deriven delas danos graves para as persoas ou os bens da empresa.

8. A imprudencia en acto de servizo que implique risco de accidente para a persoa traballadora, para os seus compañeiros ou perigo de avaría para as instalacións.

9. Realizar sen o permiso oportuno traballos particulares durante a xornada, así como empregar para uso propio útiles ou materiais da empresa.

10. A divulgación a persoas alleas á empresa da marcha interior desta, proporcionado datos por razón do posto que desempeña. Cando a difusión desta información poida causar dano ou prexuízo á empresa será considerad moi grave.

11. A falta de atención ou cortesía coa clientela non reiterada.

12. Non facer chegar á empresa os partes de baixa e alta por enfermidade, accidente e maternidade dentro do prazo máximo de cinco días, así como os partes de confirmación das situacións anteriores dentro do prazo semanal.

13. As rifas ou discusións graves e notorias en acto de servizo.

14. Simular a presenza doutro traballador cambiando a quenda ou horario de traballo sen autorización expresa da empresa.

15. A reincidencia nas faltas leves, aínda que sexan de distinta natureza, dentro de un trimestre e mediando amoestación.

Artigo 39. Faltas moi graves

Consideraranse como faltas moi graves as seguintes:

1. Faltar ao traballo máis de tres días durante un período dun mes sen causa xustificad.

2. A fraude, deslealdade ou abuso de confianza nas xestións encomendadas, así como no trato cos compañeiros de traballo ou calquera outra persoa ao servizo da empresa ou en relación de traballo con esta.

3. Simular a presenza doutro empregado, ao fichar ou asinar a asistencia ao traballo. A suplantación doutro traballador, alterando os rexistros e controis de entrada ou saída ao traballo. Esta sanción será extensiva ao suplantado, salvo que probe a súa non participación no feito.

4. Facer desaparecer, inutilizar, esnaquizar ou causar dano en materiais, útiles, ferramentas, maquinarias, aparellos, instalacións, edificios, aveños, mobiliario e documentos da empresa.

5. A embriaguez ocasional tres ou máis veces no posto de traballo no período de dous meses.

6. Realizar traballos, sen autorización da empresa, para outra empresa que entre en directa competencia coa empresa

7. Realizar traballos de calquera clase por conta propia ou allea, estando o traballador ou traballadora en baixa por enfermidade, accidente ou maternidade. Tamén se incluírá dentro deste apartado toda manipulación feita para prolongar a baixa

8. Violar o segredo de correspondencia ou documentos reservados da empresa ou do persoal.

9. Os malos tratos de palabra e obra, ou o abuso de autoridade e a falta grave de respecto e consideración aos xefes, así como aos compañeiros e subordinados ou aos seus familiares.

10. A inobservancia das medidas de seguridade e hixiene, cando se deriven delas danos graves para as persoas ou os bens da empresa.

11. O incumprimento das obrigacións previstas na Lei de prevención de riscos laborais referidas a obrigacións dos traballadores en materia de seguridade e saúde laboral, sempre que a súa inobservancia entrañe risco grave para a seguridade e saúde dos seus compañeiros de traballo ou terceiras persoas.

12. A indisciplina, desobediencia ou incumprimento inescusable de ordes recibidas dos superiores.

13. A falta de atención ou cortesía con cliente, reiterada e inescusable.

14. Causar accidentes graves por negligencia ou imprudencia inescusable.

15. Abandonar o traballo en postos de responsabilidade.

16. A diminución voluntaria e continuada no rendemento normal do labor encomendado.

17. Facilitar información privativa e de uso interior a entidade ou persoa allea á empresa que poida causar dano ou prexuízo á empresa.

18. A aceptación de gratificacións de calquera tipo ou forma nos asuntos relacionados co seu emprego na empresa.

19. Acoso moral (mobbing) entendendo por tal toda conduta abusiva ou de violencia psicolóxica que se realice de forma prolongada no tempo sobre unha persoa no ámbito laboral, manifestada a través de reiterados comportamentos, feitos, ordes ou palabras que teñan como finalidade desacreditar, desconsiderar ou illar a un traballador con obxecto de conseguir un autoabandono do traballo producindo un dano progresivo e continuo na súa dignidade ou integridade psíquica. Considérase circunstancia agravante o feito de que a persoa que exerce o acoso ostente algunha forma de autoridade xerárquica na estrutura da empresa sobre a persoa acosada.

20. Acoso sexual. Os actos ou condutas verbais ou físicas de natureza sexual ofensivas dirixidas a calquera traballador/a, co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva. Nun suposto de acoso sexual, protexerase a continuidade no seu posto de traballo da persoa obxecto deste.

21. Fumar no centro de traballo.

22. A realización de actividades que impliquen competencia desleal cara á empresa.

23. O furto e o roubo tanto ao resto do persoal como á empresa ou a calquera persoa dentro dos locais da empresa ou fóra desta, durante acto de servizo.

24. A reincidencia en falta grave, aínda que sexa de distinta natureza.

Artigo 40. Principios sancionadores

A enumeración das faltas que se conteñen nos artigos precedentes non é limitada, senón simplemente enunciativa, e por iso terán a mesma cualificación aqueles feitos análogos que poidan cometerse, aínda que non estean expresamente recollidos nos mencionados artigos.

As sancións que poderán impoñerse aos que incorran en faltas serán as seguintes:

a) Por faltas leves:

- Amoestación verbal
- Amoestación por escrito.
- Suspensión de emprego e soldo ata un máximo de dous días.

b) Por faltas graves:

- Suspensión de emprego e soldo de tres a quince días.
- Amoestación por escrito.

c) Por faltas moi graves:

- Amoestación por escrito.
- Suspensión de emprego e soldo de dezaseis a sesenta días.
- Despedimento.

Artigo 41. Procedemento sancionador

Corresponde á Dirección da empresa a facultade de impoñer sancións por faltas leves, graves ou moi graves.

De toda sanción, salvo a amoestación verbal, daráselle traslado por escrito ao interesado ou interesada, que deberá acusar recibo ou asinar o recibín da comunicación, sen que iso supoña conformidade cos feitos.

A representación legal dos traballadores será informada de toda sanción imposta por falta grave e moi grave.

Imposta a sanción, o cumprimento temporal desta poderase dilatar ata sesenta días despois da data da súa imposición.

A empresa anotará nos expedientes dos seus empregados e empregadas todas as sancións que lles fosen impostas.

Respecto á prescrición, este convenio remítese ao disposto en cada momento no Estatuto dos traballadores.

Capítulo VIII- Representación legal dos/as traballadores/as

Artigo 42. Principios xerais sobre as relacións sociais

A representación legal do persoal son os lexítimos representantes deste no ámbito das relacións laborais e, no exercicio das súas funcións, gozarán das garantías e competencias que lle corresponden segundo a lexislación vixente e as prácticas que normalmente se veñen observando na empresa.

A empresa facilitará á representación do persoal un local adecuado para o seu traballo, facilitándolle os medios para a distribución de comunicados, con garantías de publicidade e inviolabilidade.

A representación legal do persoal informará á empresa acerca das reclamacións que se produzan na dinámica xeral das relacións de traballo.

A representación legal do persoal realizará tantas reunións como sexan necesarias coa Dirección. Para iso será preciso contar con orde do día previa da que se redactará a correspondente acta.

Artigo 43. Competencias e dereitos da representación legal dos/as traballadores/as

A representación legal dos/as traballadores/as terá os dereitos, obrigacións e garantías regulados en cada momento no Estatuto dos traballadores e normas concordantes vixentes.

En materia de igualdade, a representación do persoal terá dereito a recibir información, polo menos anualmente, relativa á aplicación na empresa do dereito de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes nos diferentes niveis profesionais, así como, no seu caso, sobre as medidas que se adoptaron para fomentar a igualdade entre mulleres e homes na empresa.

Artigo 44. Comisión mixta

A Comisión Mixta é o órgano de interpretación e vixilancia do cumprimento colectivo do presente convenio. O seu domicilio será o mesmo que o domicilio social da empresa.

Concretamente, as funcións específicas desta comisión serán:

- A interpretación das cláusulas do presente convenio.

- Vixilancia no cumprimento do pactado.

- Mediación e no seu caso arbitrase naqueles conflitos que voluntaria e conxuntamente lles sexan sometidos polas partes afectadas e que versen sobre a súa aplicación ou interpretación.

- A requirimento das partes, deberá mediar no tratamento e solución de cantas cuestións e conflitos de carácter colectivo poidan suscitarse no ámbito de aplicación do presente convenio, sempre que estas consultas, individuais ou colectivas, fosen presentadas á Comisión Mixta a través dalgunha das partes.

- Pronunciarse sobre as discrepancias que lle fosen sometidas por calquera das partes en caso de desacordo do período de consultas previsto no artigo 82.3 do Estatuto dos traballadores.

En caso de non alcanzarse acordo no seo da Comisión Mixta, calquera das partes integrantes desta, a parte social ou a parte empresarial, poderá solicitar o sometemento da controversia non resolta ás regras e procedementos do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos colectivos de traballo (AGA), establecido na disposición final primeira do presente convenio.



- As que corresponda por imperativo legal.

A Comisión Mixta está integrada paritariamente por un máximo de dous membros da parte social, que preferentemente formasen parte da comisión negociadora do convenio, e por un máximo de dous representantes da parte empresarial.

Os asuntos sometidos a esta comisión revestirán o carácter de ordinarios ou extraordinarios. Outorgarán tal cualificación as partes integrantes desta.

Tanto as reunións de carácter ordinario como extraordinario, realizaranse cando sexa requirida a intervención da comisión por calquera das partes que a compoñen. A convocatoria da reunión farase mediante escrito no que se expresarán os puntos para tratar na orde do día e no prazo de dez días fixarase a data da reunión.

A comisión reunirse dentro do termo que as circunstancias aconsellen en función da importancia do asunto, pero que en ningún caso excederá de trinta días dende a data de solicitude por parte do interesado.

Unha vez que tivesen lugar as reunións, os asuntos ordinarios deberán ser resoltos pola comisión no prazo de trinta días e os asuntos extraordinarios no prazo de dez días.

Entenderase validamente constituída a comisión cando asista a maioría simple de cada representación.

As partes poderán acudir ás reunións coa asistencia dun máximo de dous asesores que terán voz, pero non voto.

Os acordos da comisión requirirán en calquera caso o voto favorable da maioría de cada unha das dúas representacións. Se non se alcanza un acordo, as partes poderán acudir aos procedementos establecidos na disposición primeira.

De cada reunión levantarase acta, que será asinada por un representante de cada parte.

Capítulo IX- Prevención de riscos laborais

Artigo 45. Seguridade e Hixiene no Traballo Seguridade e Saúde

A protección da saúde das persoas traballadoras constitúe un obxecto básico e prioritario das partes asinantes.

En cantas materias afecten á prevención da saúde e á seguridade dos/as traballadores/as, será de aplicación toda a lexislación vixente en cada momento e, en especial, a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (LPRL), así como o Real decreto 39/1997, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

delegados/as de prevención

Os/as delegados/as de prevención son os representantes dos/as traballadores/as con funcións específicas en materia de prevención de riscos no traballo.

Serán designados entre a representación legal dos/as traballadores/as na empresa segundo a escala establecida no artigo 35 da LPRL, e gozarán das garantías establecidas no artigo 37 da mesma lei, nos termos previstos na devandita norma.

Información, consulta e participación

A empresa informará a través dos representantes dos/as traballadores/as sobre os riscos específicos que afecten os postos de traballo, e das medidas de protección e prevención aplicables aos devanditos riscos e, en xeral, estarase ao disposto no capítulo V da LPRL ou normas cuxa promulgación substituíse a esta.

Formación

A empresa comprométese a dar formación en materia preventiva a todas as persoas traballadoras que estará determinada, inicialmente, polo resultado da avaliación de riscos que teñen obrigación de realizar todas as empresas.

En cumprimento do deber de protección, o/a empresario/a para deberá garantir que cada persoa traballadora reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada, en mate-

ria preventiva, tanto no momento da súa contratación, calquera que sexa a modalidade ou duración desta, como cando se produzan cambios nas funcións que desempeñe ou se introduzan novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo.

A formación deberá estar centrada especificamente no posto de traballo ou función de cada persoa traballadora, adaptarse á evolución dos riscos e á aparición doutros novos e repetirse periodicamente, se fose necesario.

A formación á que refírese o apartado anterior deberá impartirse, sempre que sexa posible, dentro da xornada de traballo ou, na súa falta, noutras horas pero co desconto daquela do tempo investido nesta. A formación poderase impartir pola empresa mediante medios propios ou concertándoa con servizos alleos, e o seu custo non recaerá en ningún caso sobre as persoas traballadoras.

Artigo 46. Protección da maternidade

As empresas adoptarán, no seu caso, as medidas necesarias para evitar a exposición das traballadoras en situación de embarazo, parto recente ou durante o período de lactación natural aos riscos determinados na avaliación a que se refire o artigo 16 da LPRL que poidan afectar á saúde das traballadoras, do feto ou do lactante, a través dunha adaptación das condicións ou do tempo de traballo da traballadora afectada nos termos previstos no artigo 26 da referida Lei.

En todo caso, en materia de protección da maternidade o presente convenio remítese ao disposto na LPRL, así como á lexislación vixente en cada momento respecto a esta materia.

Artigo 47. Protección dos/as traballadores/as vítimas de violencia de xénero

Para os efectos de ofrecer a máxima información sobre esta materia, relaciónanse a continuación, os dereitos recoñecidos no Estatuto dos traballadores ás persoas traballadoras que acrediten ser vítimas de violencia de xénero:

- As persoas traballadoras que teñan a consideración de vítimas de violencia de xénero ou de vítimas do terrorismo terán dereito, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, á redución da xornada de traballo con diminución proporcional do salario ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que se utilicen na empresa, todo iso de conformidade co disposto no apartado 8.º do artigo 37 do Estatuto dos traballadores que regula os descansos, festas e permisos.

- As persoas traballadoras que teñan a consideración de vítimas de violencia de xénero ou de vítimas do terrorismo que se vexan obrigados a abandonar o posto de traballo na localidade onde viñan prestando os seus servizos, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terán dereito preferente a ocupar outro posto de traballo, do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente, que a empresa teña vacante en calquera outro dos seus centros de traballo, de conformidade co disposto no apartado 4.º do artigo 40 do Estatuto dos traballadores que regula a mobilidade xeográfica.

- O contrato de traballo poderase suspender por decisión do/a traballador/a que se vexa obrigado/a abandonar o seu posto de traballo como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero, de conformidade co disposto no apartado n) do artigo 45 do Estatuto dos traballadores que regula as causas de suspensión do contrato de traballo.

- O contrato de traballo poderase extinguir por decisión do/a traballador/a que se vexa obrigado/a abandonar definitivamente o seu posto de traballo como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero, de conformidade co disposto no apar-

tado m) do artigo 49 do Estatuto dos traballadores que regula os supostos de extinción do contrato de traballo.

Capítulo X. Seguro

Artigo 48. Seguro médico

Adianta Enxeñería contratará unha póliza de seguro médico, de acordo en todo caso coa política da empresa.

A suxeición a tributación fiscal e cotización á Seguridade Social rexerá polo que estableza a lexislación vixente en cada momento.

Capítulo XI. Acoso moral e/ou sexual no traballo

Protocolo de prevención e tratamento das situacións de acoso

1. Introducción

